

Iolanda Zúñiga e Anxos Sumai

Dúas narradoras no albo

Iolanda Zúñiga (Vigo, 1975), recién chegada, pola súa prosa cutter, polo medio cento de microrrelatos esmagadores, por un tráiler chamado *Vidas Post-it* (Xerais, 2007). Anxos Sumai (Catoira, 1960), autora do ano para os editores do país, polo seu terceiro libro e primeira novela, *Así nacen as baleas* (Galaxia, 2007), escrita demorada e hipodérmica, premio Repsol YPF de narrativa breve e demoledor retrato da familia.

//Iago Martínez / Fotografía: Olalla Lojo



Diálogo imposto contra natura sobre a coartada do albo, sexa o que for o albo, ruxerruxe, beizón, engrenaxe, citámonos en Vigo. Procuramos un café acaído, sen moito balbordo, unha miga de luz para as fotos, os libros sobre a mesa, viño, cinzeiro, e sentamos. Falan porque ProTexta quere, mais falan e rin e todo. Fóra hai ruído: un cativo que chora e un toliño de toda a vida que canta goles. Gaña o Barakaldo, disque.

A familia, como problema, está presente nos dous libros, aínda que as perspectivas e a densidade no tratamento sexan distintas. En *Así nacen as baleas* hai unha crítica frontal, durísima, á familia como institución.

Anxos Sumai. Como institución amparada polo catolicismo e os bos costumes, si.

E ademais é transversal: as personaxes femininas poderían ser masculinas e talvez a estrutura apenas mudaría. No caso de *Vidas Post-It*, porén, o que aparece é a familia como frustración ou como incapacidade, e tampouco non só da muller.

Iolanda Zúñiga. Estaba intentando lembrar cales son os contos que teñen máis que ver coa familia, e en realidade está presente en todos, porque falar da soidade é falar tamén da familia. Mentres na novela de Anxos se fala da familia en vertical, de pais a fillos ou de fillos a pais, no meu libro a ollada é máis horizontal. Falo de matrimonio, de parella, poño máis atención na convivencia ca na xerarquía. O que me interesou moito de *Así nacen as baleas* é ese retrato da Galicia matriarcal, o papel importantísimo que ocupan Feli-sa, Natalia, a nai...

AS. O poder que teñen sobre a protagonista?

IZ. Si, teñen tanto poder que ben poderían... Talvez se fosen homes non exercerían tanta violencia sobre ela, verdade?

AS. É que eu son máis vella ca ti, hai unha diferenza de quince anos ou así. Ti es unha persoa que se criou na cidade, intúo, totalmente urbanita, mentres que eu me criei na aldea, nunha familia tradicional na que convivían moitos membros. Eles tiñan os seus empregos fóra da

Traballo e ideas:

Xavier Alcalá, Ana Amado Reino, Xosé-Lois Armada Pita, Uxía Casal, Delfín Caseiro, Aurelio Castro, Óscar Curros, Ana D. Salgado, Montse Dopico, Leonardo F. Campos, Alfredo Ferreiro, Xesús Fraga, Eloy García, Fernando Garrido, Helena González, Xosé Carlos Hidalgo, María Lado, Olalla Lojo, David Lombao, Inma López Silva, Isaac Lourido, Eva Matarranz, Roberto Pascual, Martín Pawley, Montse Pena Presas, Gabriel P. Durán, Xabier P. DoCampo, Belén Puñal, María Reimóndez, Armando Requeixo, Daniel Salgado, Teresa Seara, Anxos Sumai, Miguel Vázquez Freire, Miguel Vila Pernas

ProTexta distribúese conxuntamente coa revista TEMPOS Novos e cos xornais El Ideal Gallego, Diario de Ferrol, Diario de Arousa e Diario de Bergantiños



Iolanda Zúñiga e Anxos Sumai nun momento da conversa.

casa, o meu avó na Renfe e o meu pai nunha fábrica de cerámicas, de maneira que todo o peso da familia recaía nas mulleres. Eran elas as que tiñan o control económico. Eles traían os cartos pero elas os repartían. Elas eran as que transmitían os roles tradicionais de nais a fillas, as que te educaban, as que che metían na cabeza unha cantidade tan grande de prexuízos que a min me levou anos liberarme deles.

IZ. Claro, por iso cando falas dos homes falas de homes ausentes. Un non está e o outro está un pouco á marxe. Ramón está fóra do común.

AS. Ramón é a balea, o ser estraño que goza desa sorte de felicidade inconsciente. A min nunca me chamara a atención a familia como proposta literaria até hai dous anos, cando me propuxeron traballar nunha exposición sobre violencia de xénero. Aceptei, pero aceptei a cambio de abrir o concepto de violencia próxima. O proxecto chamábase *Fisuras no cotián* e estaba na Casa da Parra, en Compostela.

IZ. Iso que logo foi un libro?

AS. Si, si.

IZ. Encantárame. Non vin a mostra, pero o libro pareceume moi interesante.

AS. Pois nesa altura empecei a ocupar a cabeza con todo iso que acontece dentro da familia, e decateime de cousas nas que nunca antes pensara. Até que punto se pode exercer presión sobre unha persoa sen que esa persoa sexa consciente.

IZ. É que á rapaza non lle dan opción, e logo está esa chantaxe emocional...

AS. Non podo falar de xeración cando falo de min, pero si que coñezo moitos casos de mulleres con vivencias parellas. Na miña aldea, por exemplo, eu son unha excepción entre as mulleres da miña idade. Son a única que conseguíu saír de alí, porque tomei esa decisión: ou marchaba e ou o meu futuro era bordar. Eu pasei media infancia bordando, estabanme preparando para iso.

Anxos Sumai: «Sempre se representa o papel da muller como vítima do poder dun home, e eu quería contar cómo esa nena que sae dunha relación esmagadora coa nai acaba dependendo dunha muller que exerce novamente un poder sobre ela»

IZ. Agora entendo! Tiñasme flipada co do bordado *richelieu* e todo iso. Mentres lía pensaba: como controla esta muller! Como se documenta! [risos]

AS. [risos] Si, si, a experiencia do bordado é algo que coñezo perfectamente [ri]. Pois as mulleres da miña idade que ficaron aló, algunhas xa son avoas, teñen outra forma de vida. Canto estou alí preguntome quen é máis feliz, se o son eu ou o son elas. A miña nai sempre me vén amolar con que elas teñen fillos e casa e coche e eu non teño nada.

IZ. Eu teño o contrapunto a todo iso. Falo de xentes que se criaron na cidade e que tampouco teñen nada. Teñen hipotecas, si, e unha carga de soidade ao lombo tremenda, pero... Na altura na que o escribín falaba moito da imposibilidade de ser nai, de ser nai porque é o que me toca, se fose un home falaría da incapacidade de ser pai nesta sociedade, da incapacidade de ensinar algo a un rapaz e da frustración que iso xenera. No primeiro conto, “Embarazado”, xa mato ao feto. Talvez o libro sexa o continuo aborto dunha muller.

AS. Noutro falas dun fillo non nato.

IZ. É todo frustración: masturbarse ou abortar antes que parir ou exercer de nai.

AS. Ti terías tempo e medios económicos para ser nai?

IZ. Non.

AS. Pois iso tamén é importante.

IZ. Estamos nunha sociedade moi viciada, non aguantamos nada coa parella, nada nos enche, non atopamos ao príncipe e decidimos ser nais absolutas.

AS. Pois a min iso paréceme unha opción de familia perfecta. É precisamente o que intento amosar: hai moitas posibilidades de convivencia sempre que sexan libremente elixidas. Namorarse non é un acto libre, voluntario. Acontece e punto. Pero despois, que teñas a capacidade de decidir libremente que tipo de relación queres construír con outra persoa, esa é unha das propostas que quería facer na novela. Pódese armar unha familia de un, de dous, de tres ou de catro.

Que papel ocupa na novela a condición sexual da protagonista?

AS. Foi unha decisión consciente: quería amosar cómo unha relación de poder se pode establecer tamén entre dúas mulleres. Sempre se representa o papel da muller como vítima do poder dun home, e eu quería contar cómo esa nena que sae dunha relación esmagadora coa nai, pero que sente unha tenrura enorme polo seu irmán, acaba dependendo dunha muller que exerce novamente un poder sobre ela. Hai moitas cousas conscientes na novela, e esta é unha delas.

E no caso de *Vidas Post-it*, que papel ocupa a sexualidade?

IZ. Está moi presente, pero sempre é frustrante, agonizante, rota.

AS. E explícita [ri].

IZ. Si, sempre [ri].

AS. E tamén, dáme a impresión, sen límites. Hai un momento no que dis que o desexo non ten sexo... Lémbraste?

IZ. Pois non, a verdade. É que ese libro escribiño hai catro anos e pico.

E por que cres que se publicou agora?

IZ. Non creo que haxa ningunha razón en particular. Na editorial tardarían en lelo, e unha vez que decidiron publicalo pois supoño que seguirían o procedemento habitual. En total, máis de catro anos.

Tiñas experiencia blogueira?

IZ. Non, nada. Non sei usar o ordenador. Só encendelo e apagalo. Iso é todo. De feito, sín-tome descolgada...

Francamente, non me sorprende.

IZ. Claro, é que hoxe se non estás na rede non existes. Xa non cun blog, senón participando noutros blogs. Ti tes blog dende hai moito tempo, non si?

AS. Non, eu non teño blog. Non o tiven nunca [ri].

IZ. Vaia, pensaba que o material de *Anxos de garda* viña dun blog.

AS. Non, non era un blog. Era unha cousa rara, unha sección de fin de semana nun portal de internet contada a xeito de diario. Creo que mesmo foi anterior a que empezasen a aparecer os blogs en Galicia.

Dábase esa curiosa coincidencia: publicábase na rede e adoptaba o rexistro do diario, mais foi anterior á (relativa) popularización do que se chamou blogmillo.

AS. Lembro que levaba como un ano facéndoo e veu un compañeiro da redacción de culturagalega.org, o portal no que se publicaba, a ver se me animaba a facer un blog, e eu nin idea do que era iso [ri]. Empezaba aínda a aparecer o software, as ferramentas, para que a xente puidese facer algo semellante na casa. Con todo, o que eu facía era moi distinto dun blog. Os blogs son interactivos, están inzados de ligazóns, son multimedia, teñen imaxe, música, hai comentarios públicos, mentres que eu só recibía mensaxes privadas no meu correo electrónico.

Cansaches da rede, non si?

AS. Sigo lendo os blogs dos amigos, de xente que me interesa, pero máis que os persoais interésanme os especializados. Leo os blogs de escritores e de escritoras que sei que non publican nin van publicar en España, vexo como evolucionan. Hai un que me gusta moito, o de Efraim Medina Reyes, colombiano, moi exhibicionista... [ri]

4 // Iolanda Zúñiga e Anxos Sumai



Iolanda Zúñiga.

Hai quen lle apón ao teu libro unha certa violencia.

AS. Si, pero non o entendo.

IZ. A min calquera telexornal me parece máis violento.

AS. A vida diaria é máis violenta, o que acontece é que nos afixemos a ela. Xa non nos afecta. Hoxe na estación de tren vin unha discusión de parella infinitamente máis violenta que a miña novela...

IZ. Temos un filtro.

AS. ...e coa guerra pasa o mesmo.

IZ. Vémolos todo como se fose unha película.

Véntase unha certa ansiedade en Galicia por renovar a nómina de narradores e, particularmente, de narradoras. Parécevos que é así?

AS. Si, pero me parece moi san. Os lectores aumentan e van demandando cousas novas, distintas, novas linguaxes, outras olladas. Eu, de feito, empecei a publicar grazas a que unha editorial se animou a publicar outras formas de contar en galego. Despois xa virá o lector a decidir se lle gusta ou non lle gusta.

IZ. Eu non estou tan certa de que os lectores aumenten. En lingua galega, dende logo, vexo moi mal a cousa. E logo creo que hai demasiadas subvencións. Non é que eses cartos se empreguen en calquera cousa, pero si que lles permite arriscar. Se fosen cartos propios non publicarían a tanta xente nova.

AS. En Galicia dáse unha circunstancia bastante extraordinaria, e é que ten máis peso na cultura o investimento público que o investimento privado. Deberan estar máis ou menos equiparados ou que a cultura xenerase beneficios para que o investimento privado fose maior que o público, pero non é así. Dise moitas veces que vivimos nun país subvencionado, nun país de mentira, de cartón pedra, pero eu pregunto: se desaparecesen as subvencións, cantas editoriais sobrevivirían? Cantos editores terían a ousadía de publicar xente nova, voces distintas, novas experiencias literarias? Se desaparecen as subvencións, que acontecería cos lectores? Aumentarían ou desaparecerían? Non o sei. É unha cuestión para a que eu tampouco non teño resposta.

IZ. Eu seguramente publiquei grazas a eses cartos públicos.

AS. E eu tamén, Iolanda, estou segura.

IZ. Ti xa levas tres libros, non é o mesmo. Como ves a cuestión dos lectores? É que dende Vigo, non sei, se cadra aquí hai demasiada carga obreira como para ler un libro ou ir ao teatro.

AS. Ao mellor hai outras prioridades.

IZ. En Santiago sempre está bulindo algo, sempre a ferver.

AS. Iso pode parecer algo idílico, pero eu tamén teño a sensación de que Santiago é un lugar endogámico e ás veces mesmo pechado, e precisamente onde están a aparecer cousas novas é fora de aí. E logo tes a sensación de que os lectores non aumentan? Eu supoño que hai que adaptar tamén a lingua ás novas necesidades de expresión. Unha das cousas magníficas que fixeches no teu libro foi introducir o xeito de falar da cidade, e iso é moi necesario.

IZ. Para min é natural.

AS. Claro, ti non podes falar dende un contexto urbano empregando a terminoloxía rural, tan allea a nós que é coma se a un falante de castelán lle escribes unha novela en castelán antigo. Creo que hai que empregar o idioma como o fixeches ti. Eu introduzo novas formas de falar, castelanismos, o inglés, pero tamén moitos localismos, porque me apetece conservar palabras que forman parte do meu contorno afectivo e que non quero que desaparezan baixo ningún concepto.

A ti, Iolanda, como lectora, interésache a literatura galega?

IZ. A min si. O que máis lin dende sempre foi poesía e moita poesía en galego. Cando escribes interésache o que escriben os demais, o que fai Anxos, por exemplo, pero non creo que á xente que non estea neste mundo... Polo que vexo na librería onde traballo, cando veñen, veñen polos libros recomendados polos profes de galego. Cústalles, cústalles moito, aínda que se cadra non máis do que nos custaba a nós ler *La Regenta*.

AS. Ou *El Poema del Mío Cid*...

Eu pertenzo á xeración da normalización da literatura galega. Papei literatura de xénero en todo o bacharelato, novelas enrolladas con violencia, sexo e guitarras eléctricas...

No principio dos embigos Narrativa galega

Anxos Sumai afronta a familia como patrimonio na súa primeira novela

Así nacen as baleas ·
Anxos Sumai ·
Galaxia, 2007 ·
168 páx · 12 euros



Dende o teu punto de vista, eu son a mala. Así reza “La Tirana”, a canción que na voz da intérprete cubana La Lupe se revela coma réplica de forza interior bruta. A mala, que nestas últimas semanas semella ter o perfil dunha muller que abortou fóra dos supostos legais vixentes, transfórmase no último libro de Anxos Sumai (Catoira, 1960) nunha burguesa que se amarróu a aquilo que din de que as fillas, e os fillos, unen. Nesta súa primeira novela –antes publicara os libros de relatos, a xeito de diario, *Melodía de días usados* e *Anxos de garda*– Sumai revélanos que as fillas nin unen nin son capaces de reter a persoa amada. O relato chéganos a través dos ollos dunha Nena que se fixo grande e que precisa explicar as cousas no canto de contalas e de aí, quizais, a querenza da autora polos adxectivos e por certo exceso de retórica. En *Así nacen as baleas* oponse Sumai ao deberse á familia e nacer con destino deseñado. Faino cun relato de personaxes de clase media-alta aos que a humanidade lles impide vivir coma se a vida fose de cor de rosa.

O relato opera entre dúas xeracións e amosa o medo que recoñecemos, por exemplo, na obra poética de Sharon Olds: mirarse a unha e ver os xestos e maneiras do proxenitor co que entramos en conflito. Unha familia que se entende coma escola de tortura psicolóxica e coma patrimonio. Uns ansían fillos que axuden a arar a terra e outros fillos que herden a terra arada. Unha familia en que mirarmos a outra cara da moeda. Un amosar o que fica oculto nas cousas que é teima nos traballos literarios da autora.

Sumai ten sinalado a súa condición de narradora-fotógrafa. Asímesa como unha retratista e tenta achegarnos a dureza envolta en fermoso relato. Pero semella imposible escapar da violencia, imposible pensar noutra cousa, e *Así nacen as baleas* convértese ao seu xeito nun retrato costumista que non escapa do máis áspero do cotián. A través da

aia Felisa sabemos da arte do bordado e da arte da tortilla de patacas con cebola pero tamén da angustia dunha muller traballadora e do cinismo para con ela da familia burguesa á que sostén. A nai e os seus fillos sêrvenlle a Sumai para falar de sexualidade, dos primeiros estremecementos, dos máis desesperados e tamén dos medos e segundas intencións que agocha o contacto corporal. Constrúe no libro relacións diversas e tenta evidenciar sempre traumas e costuras, asumindo a importancia da experiencia e coincidindo co que un dos personaxes de *Tocarnos la cara* –unha das novelas forquita da narradora madrileña Belén Gopegui– sinala dicindo: “Pídelle a alguén un dos seus erros e verás que é o último que está disposto a darche”.

Tamén se asume este narrar, coma se dunha fotografía se tratase, na procura dos obxectos, a memoria do que foi e mais en que para establecer diferenzas de clase e ambicións a escritora utiliza a estética. Os xeitos de se vestir e retocar, os coidados do corpo, conforman boa parte da personalidade que tenta imprimir aos personaxes. Porén, é quizais na forza visual dalgunhas escenas e no grande coidado por adiantar detalles da trama sen que a lectora e o lector se decaten, onde reside a potencia do relato de Anxos Sumai.

Así nacen as baleas móvese por mar, terra e aire e semella dar a volta ao globo enteiro para narrar dende unha Galicia onde son posíbeis kiwis e caquis, aventuro, porque o único que nos revela a autora é que se trata dunha cidade á que dende México se chega en avión. Iso si, sitúanos entre a actualidade e os anos oitenta, dos que Sumai nos lembra que as camisas levaban ombreiras. Aos oitenta volvemos para coñecermos e situarmos aos personaxes que estamos a acompañar, e é neles onde sabemos das instantáneas da creación estrela da obra, Ramón. Un bebé grande coma unha balea que gusta das preguntas disxuntivas. “Se alguén ignoraba as dúas respostas que el ofrecía coma únicas posibles e sinalaba unha terceira opción, non sabía como seguir a conversa”, e así: “–Prefírelos con arroz ou con patacas? –Con leituga”.

// Xiana Arias Rego

AS. É curioso isto dos lectores. Cando les todo o que se dixo arredor das declaracións de Franco Grande...

IZ. Nin idea.

AS. Fas ben. Sen saber esas cousas es máis libre [ri]. En fin, que en todos os artigos que rebatían a opinión de Franco Grande [dixo a El País que “de 30 anos para acá a literatura galega baixou en calidade”], todos os autores insistían en que o número de lectores en galego aumentara.

IZ. Non o sei.

AS. Traballas nunha librería, saberás o que se compra.

IZ. Si, pero é unha librería de barrio, non sei. Se cadra Vigo non é a mellor cidade para falar de literatura galega.

AS. Entón cal é a cidade?

IZ. Pois ao mellor Santiago ou A Coruña.

AS. Pero Santiago só é unha cidade, son 100.000 habitantes nun país que ten 2,5 millóns. Non se pode tomar sempre Santiago como referencia.

IZ. Si, pode ser.

AS. O caso é que neses artigos dos que falaba dicían que si, que a literatura galega gañara lectores nos últimos vinte anos, e porén sempre escoitas por aí que o idioma cada vez se fala menos, que se le menos... Se cadra hai menos lectores en Galicia como tamén hai menos lectores noutros lados, porque as novas tecnoloxías e os soportes electrónicos están a ocupar moito espazo. Haberá que chegar a un consenso entre o libro en papel e o outro.

E haberá que contar a lectura electrónica como lectura tamén, non si? A web 2.0 aquí foi liderada por galego falantes.

AS. Eu vexo á xente ler, e moito. Poden ler revistas, poden ler periódicos ou poden ler libros. Con todo, paréceme que tivo que haber algún cambio, porque de súpeto tamén as editoriais galegas están apostando pola tradución, e moito. Apostan polas traducións para ninguén? Non o creo. Ten que haber demanda. Eu imaxino que á parte dos lectores de libros obrigados no instituto ten que haber tamén lectores libres, como lle chaman agora, en lingua galega. Eu vexo á xente mercar libro galego nas librarías.

Credes que a recepción dos vosos libros está mediatizada pola etiqueta “literatura de muller” ou por unha certa política de cotas?

IZ. Eu creo que si. Cando saíu o meu libro chamábanme, creo, porque lles chamaba a atención que unha muller escribise relatos, porque se cadra non hai moitas en Galicia. E logo porque o punto de vista da maioría dos textos é feminino.

AS. Feminino en que sentido?

IZ. Bueno, as protagonistas son mulleres. Falan mulleres. Non é que eu sexa un becho raro, pero talvez se un home escribise este libro non chamaría tanto a atención porque hai máis. É como o caso de Anxos: cando escribiu eses dous libros en forma de diario, era a única que o facía en galego nesa altura.

AS. Si, estou de acordo con Iolanda en que hai un interese moi grande polas mulleres narradoras, porque como somos poucas promociónannos máis, fannos máis visibles...

IZ. Que curioso! É por ser narradoras? E se fósemos poetas?

AS. Non, narradoras, aínda que eu quero pensar que tamén inflúe a calidade dos nosos textos.

Xaora que si. Eu referíame ás estratexias institucionais.

AS. Si, aí si. Por exemplo, cando gañei o Blanco Torres unha das cousas que se destacou foi que era a primeira vez que unha muller gañaba o Blanco Torres. Cando gañei o Repsol tamén se destacaba nos titulares que unha muller gañase un premio nun xurado formado maiormente por homes.

IZ. Máis claro, imposible. Nos titulares!

Non sei se vos fai un favor ou non.

IZ. A min paréceme ben, pero eu son novata, non sei responder a iso.

AS. Dunha banda si que nos fai un favor, xa o dixeran máis veces, porque nos fai visibles en bloco. Despertamos curiosidade. Mira, unha nova narradora, a ver que historia nos conta distinta! Pero logo hai unha tendencia a confundirnos a todas, a non saber as diferenzas que hai entre cada unha. Fainos visibles en grupo pero nos fai invisibles como narradoras individualmente, algo que non lle pasa aos homes. Os narradores son Manuel Rivas, Suso de Toro, Xurxo Borrazás, e nós somos literatura de muller. Sempre.

A cota.

AS. A cota, si, e iso é o que me molesta. A medida que vaian aparecendo máis narradoras iso irase diluíndo, aparecerán temáticas novas, e sobre todo novas voces de distintas xeracións. Unha cousa que me chama moitísimo a atención cando vou a xurados de premios literarios de nenos ou de adolescentes é que xa non se pode distinguir, como aínda acontece na de adultos, o que está escrito por homes e o que está escrito por mulleres. Mesturan os xéneros, teñen máis referencias da imaxe, dos xogos, da tele ou da rede que do papel que lles toca xogar na casa. É curioso.

IZ. E as hormonas non definen os conflitos?

AS. Eu coñezo o meu corpo de muller, o meu xeito de reaccionar, e niso podo coincidir con outras mulleres. Éme máis doado falar dun cancro de mama ca dun cancro de próstata, pero ás veces me sinto máis próxima á literatura de certos narradores.


Que influencia tiveron as túas lecturas de literatura africana, a experiencia da poligamia, por caso, en Ken Bugul?



Anxos Sumai.

AS. A medida que vou eliminando os meus prexuízos e aprendendo doutra xente e doutras culturas tamén vou ampliando as posibilidades. Hai cousas que dende o noso punto de vista, católico e conservador, sobre todo católico, e dende o punto de vista do feminismo occidental e branco, parecíannos terribles. A poligamia, por exemplo, era o peor. Porén, cando les casos de poligamia elixida voluntariamente por unha muller, alucinas. Son casos extraordinarios, polo menos os que nos chegan a nós, pero e que acontece coa familia tradicional nosa, monógama? Que é o que lemos todos os días na prensa? O da violencia doméstica xa é o máximo, pero cantas outras historias non chegan aos medios? E todos os roles e comportamentos que se reproducen na familia? A min coñecer outras formas de convivencia me fixo pensar e dubidar do noso modelo familiar. Tamén hai un feminismo negro, poscolonial, musulmán, que non ten nada que ver co noso. Xa hai anos que se está a producir unha revolución nese sentido.

Iolanda Zúñiga:
«Non é que eu sexa un becho raro, pero talvez se un home escribise este libro non chamaría tanto a atención»



Jack London
O VIAXEIRO ASTRAL
COLECCIÓN CLÁSICOS UNIVERSAIS

O pensamento fantástico convértese no vehículo idóneo para denunciar a hipocrísia e as desigualdades sociais cunha prosa narrativa que amosa toda a forza estilística de London.

www.editorialgalaxia.com



William Faulkner
O RUÍDO E A FURIA
COLECCIÓN CLÁSICOS UNIVERSAIS

“Escribir este libro foi para min como aprender a ler, coma se me achegase á linguaxe, ás palabras, co mesmo respecto e coidado de quen se achega á dinamita”.

EDITORIAL GALAXIA